



## **Informe relativo á atribución de puntuación e proposta de clasificación de ofertas na contratación administrativa para a subministración de gas natural para a Administración do Parlamento de Galicia.**

O obxecto deste informe é o cálculo de puntuación obtida polas empresas concorrentes pola aplicación dos criterios de adxudicación availables por aplicación de fórmulas segundo as ofertas presentadas e proposta de clasificación das ofertas en función da puntuación total obtida.

### **1. Criterios availables por aplicación de fórmulas.**

**1.1** O apartado sexto do prego de cláusulas administrativas particulares, referido a documentación e contido, establece o seguinte:

**Sobre C:** "Documentación técnica e relativa aos criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas"

*Os licitadores deberán incluír neste sobre a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se contemplan no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación availables mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadre de especificacións.*

*En todo caso deberá conter a documentación esixida no apartado 27 do cadre de especificacións.*

O punto 16 do cadre de especificacións establece:

**II. Criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas: Prezo do termo enerxía ou variable: de 0 a 90 puntos**

*Á oferta máis baixa, expresada en €/kWh, se lle adxudicarán os 90 puntos; ao resto á que proporcionalmente lle corresponda.*

**1.2** A determinación do prezo do contrato vén determinada polos criterios establecidos no punto 4 do Cadro de especificacións:

*Debido as características desta subministración o orzamento sinalado ten carácter estimativo calculado en base a prezos unitarios e en función dos consumos realizados en exercicio anteriores, xa que o seu importe real depende do consumo que se produza. Non obstante este orzamento máximo de licitación, e debido a este carácter estimativo, o Parlamento de Galicia pagará a subministración real e efectivamente realizada.*

*Prezo do contrato: A determinación do prezo do contrato virá determinado polos seguintes factores:*

*a.- Termo fixo por tarifa aplicada (€/mes): O establecido regulamentariamente polo Órgano Regulador na Orden Ministerial vixente.*

*b.- Termo enerxía consumida ou variable (€/kWh): determinado mediante a aplicación da seguinte fórmula:*

***Prezo termo enerxía ou variable (€/kWh) = (A + B x Brent) x TC + C, onde***

*Son coeficientes constantes: A, B, C: que deberán definir os licitadores nas súas respectivas ofertas e que serán fixos durante a vixencia do contrato, salvo variacións impostas por cambios regulamentarios.*



Son coeficientes variables para a determinación do prezo da enerxía: O Brent e Tipo De Cambio: Referidos aos valores de mercado do Brent603 e o tipo de cambio €/dólar USA TC303 determinados polo seu valor medio trimestral vixente en cada momento do ano.

O importe do termo enerxía axustarase trimestralmente, conforme aos coeficientes variables Brent e TC, circunstancia que a empresa adxudicataria deberá comunicar ao Parlamento, xunto coa súa repercusión no importe do termo variable. O adxudicatario deberá xustificarlle ao Parlamento de Galicia a variación respecto dos valores Brent e TC.

Os importes de termo fixo, termo enerxía, presentarase con seis decimais. Os importes dos coeficientes constantes (A, B, C) con seis decimais, e o dos coef. Brent e o Tipo de Cambio €/dólar USA con 4 decimais.

#### **Variacións por cambios regulatorios:**

Tanto o termo fixo como os coeficientes constantes A, B e C da fórmula do termo enerxía, só poderán ser actualizados durante a vixencia do contrato no suposto de cambios regulatorios, que afecten aos canons e ás peaxes ou a outras actividades reguladas que afecten á actividade gasística. O adxudicatario comunicaralle ao Parlamento estes cambios, xunto coa súa repercusión nos importes de termo fixo e termo variable.

#### **c.-Alugueiro de equipos de medida:**

O prezo do equipo de medida, contador metrolóxico, será o que corresponda regulamentariamente polo Órgano Regulador na Orden Ministerial vixente.

### **2.- Ofertas presentadas e admitidas para esta fase de apertura do Sobre C:**

As ofertas presentadas polas empresas concorrentes foron as seguintes:

#### **- Endesa Energía, s.a.u**

##### **a.- Termo fixo**

| Ofertado pola empresa<br>expresado en €/mes |                    |
|---|--------------------|
| Termo fixo                                  | <b>80,97 €/mes</b> |

##### **b.- Termo enerxía ou variable:**

| Ofertado pola empresa   |                        |
|---|------------------------|
| coeficiente A   | <b>0,009770</b>        |
| coeficiente B   | <b>0,000292</b>        |
| coeficiente C   | <b>0,018342</b>        |
| Data Brent  | <b>105,7400 \$/bbl</b> |
| TC  | <b>0,7544 €/\$</b>     |
| Prezo termo enerxía ou variable= (A + B x Brent) x TC + C<br>(con desconto do 7%) | <b>4,5575 cts€/kWh</b> |

- Sobre o valor do termo de enerxía Endesa Energía s.a.u. aplica un 7% de desconto adicional, sendo o seu resultado final o prezo do termo variable.
- Valores Data Brent e TC €/\$ proporcionados correspondentes aos aplicables ao cuarto trimestre do ano.

#### **c.- Alugueiro equipo de medida:**

|                                  |              |
|----------------------------------|--------------|
| Prezo alugueiro equipo de medida | <b>25,19</b> |
|----------------------------------|--------------|



**- Gas Natural Comercializadora, s.a.**

a.- Termo fixo

| Ofertado pola empresa<br>expresado en €/mes |                    |
|---|--------------------|
| Termo fixo                                  | <b>80,97 €/mes</b> |

b.- Termo enerxía ou variable:

| Ofertado pola empresa            |  |
|----------------------------------|--|
| coeficiente A                    | <b>0</b>   |
| coeficiente B                    | <b>0</b>   |
| coeficiente C                    | <b>4,2402</b>                                      |
| Data Brent                       | <b>108,925</b>                                     |
| TC                               | <b>1,3711</b>                                      |
| Prezo termo enerxía ou variable= | $(A + B \times \text{Brent}) \times \text{TC} + C$ |
|                                  | <b>4,2402 cts€/kWh</b>                             |

- Valores Data Brent e TC €/\$ proporcionados correspondentes aos aplicables ao terceiro trimestre do ano.
- Valor TC. Expresado en \$/€, polo que o seu valor en €/\$ resulta: 0,7293

Obsérvese que de resultar adxudicataria a oferta de Gas Natural Comercializadora, s.a., deberá manter durante toda a vixencia de contrato, os coeficientes A e B cun valor 0, independentemente das flutuacións que sufra o prezo do Data Brent, e o TC €/\$, polo tanto o prezo do termo de enerxía ou variable permanecerá inalterable durante toda a execución do contrato.

c.- Alugueiro equipo de medida:

|                                  |                    |
|----------------------------------|--------------------|
| Prezo alugueiro equipo de medida | <b>30,00 €/mes</b> |
|----------------------------------|--------------------|

**3.- Aplicación das ofertas á fórmula de cálculo**

Prezo do termo enerxía ou variable: Á oferta máis baixa, expresada en €/kWh, resultado da aplicación dos coeficientes constantes ofertados a fórmula establecida na cláusula segunda deste prego, se lle adxudicarán os 90 puntos; ao resto á que proporcionalmente lle corresponda.

**- Endesa Energía, s.a.u**

Prezo termo variable=  $(A + B \times \text{Brent}) \times \text{TC} + C$

Prezo termo variable=  $(0,009770 + 0,000292 \times 105,7400) \times 0,7544 + 0,018342 = 0,049005$

Ao aplicar o desconto referido do 7% ao prezo do termo variable obtido, o prezo ofertado por Endesa Energía, s.a. será de **0,045575** €/kw ou **4,5575** cts€/kw.

**- Gas Natural Comercializadora, s.a.**

Prezo termo variable=  $(A + B \times \text{Brent}) \times \text{TC} + C$

Prezo termo variable=  $(0 + 0 \times 108,925) \times 1,3711 + 4,2402 = 4,2402$  cts€/kw



Prezo do termo variable:  
de 0 a 90 puntos

|   | Prezo ofertado<br>cts€/kw | Puntuación   |
|---|---------------------------|--------------|
| <b>Gas Natural Comercializadora,<br/>s.a.</b> | <b>4,2402</b>             | <b>90,00</b> |
| <b>Endesa Energía, s.a.u</b>                  | <b>4,5575</b>             | <b>64,83</b> |

#### 4. Puntuación total obtida polas empresas concorrentes

Procede agora calcular a puntuación total obtida polas empresas segundo os criterios de adxudicación, sumando a puntuación obtida no apartado de criterios de avaliación sometidos a xuízo de valor cos establecidos por aplicación de fórmulas:

A puntuación total obtida polas empresas concorrentes é a seguinte:

| Empresa                                   | Criterios sometidos a xuízo de valor | Criterios aplicables por aplicación de fórmulas | Puntuación total |
|---|--------------------------------------|---|------------------|
| <b>Gas Natural Comercializadora, s.a.</b> | <b>2</b>                             | <b>90,00</b>                                    | <b>92,00</b>     |
| <b>Endesa Energía, s.a.u</b>              | <b>1</b>                             | <b>64,83</b>                                    | <b>65,83</b>     |

#### 5. Proposta de clasificación de ofertas

Á vista das puntuacións obtidas propónese clasificar as ofertas na seguinte puntuación:

- 1º. Gas Natural Comercializadora, s.a.
- 2º. Endesa Energía, s.a.u

En Santiago de Compostela, a 2 de febreiro de 2015

F. Javier Freire Gonzalez  
Vº e prace  
O xefe do Servizo de  
Régime Interior  
  
PARLAMENTO  
DE GALICIA  
  
Martín Merceillas Méndez

SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR  
F. Javier Freire Gonzalez



## PARLAMENTO DE GALICIA

### ANEXO I Cálculos

#### 1. Proxección consumo de kWh.

Para a estimación do cálculo resultante en base aos prezos ofertados realizouse unha simulación cos consumos correspondentes ao período comprendido entre o 23 de setembro de 2013 ao 22 de setembro de 2014, especificado no cadro 1 do prego de prescricións técnicas, o que permite, en base á fórmula de cálculo e os puntos de reparto establecidos no prego de cláusulas administrativas, determinar os prezos finais ofertados e os puntos que lle corresponden.

Como prezo de referencia de licitación tívose en conta o valor do orzamento de licitación con ive descrito no apartado 4 do cadro de especificacións do prego de administrativas por un importe de 56.870,00 euros por ano.

| DATA DE CONSUMO         | M3 consumidos | kWh consumidos   |
|-------------------------|---------------|------------------|
| 23/09/2013-24/10/2013   | 676           | 7.642            |
| 24/10/2013-20/11/2013   | 7.711         | 86.888           |
| 20/11/2013- 18/12/2013  | 15.192        | 170.166          |
| 18/12/2013-22/01/2014   | 14.810        | 163.428          |
| 22/01/2014-19/02/2014   | 17.615        | 200.194          |
| 19/02/2014-19/03/2014   | 11.501        | 130.111          |
| 19/03/2014-21/04/2014   | 11.078        | 124.251          |
| 21/04/2014-22/05/2014   | 5.797         | 64.584           |
| 22/05/2014-20/06/2014   | 3.025         | 11.0840          |
| 20/06/2014-23/07/2014   | 0             | 0                |
| 23/07/2014-22/08/2014   | 0             | 0                |
| 22/08/2014-22/09/2014   | 1             | 11               |
| <b>Total consumidos</b> | <b>87.406</b> | <b>1.058.115</b> |

Cadro 1. Perfil de consumo de gas natural entre o 23 de setembro de 2013 ao 22 de setembro de 2014, tal como figura no cadro de consumos do prego de prescricións técnicas. O sumatorio dos kWh consumidos é o que se tivo en conta para aplicar na fórmula de cálculo.

#### 2. Nota sobre valores de Data Brent 603 e TC303

O valor destes dous coeficientes amosan diferenzas entre as dúas ofertas presentadas, xa que os de Endesa Energía s.a.u. conteñen os predeterminados polo mercado para o cuarto trimestre do ano 2014, mentres que os de Gas Natural Comercializadora, s.a. son os referidos para o terceiro trimestre do ano. Dado que se trata dunha componente variable na determinación do prezo, revisable trimestralmente, e cuns valores estandarizados no mercado gasístico, de resultar preciso para o cálculo da oferta procederíase igualando as dúas ofertas aos valores do trimestre vixente. Isto non resulta necesario, xa que na oferta de Gas Natural Comercializadora, s.a., ao ser os coeficientes A e B igual a cero, na aplicación final da fórmula o resultado non se ve afectado polas flutuacións trimestrais destes dous conceptos variables.



|            |                 |
|------------|-----------------|
| Data Brent | 108,9250 \$/bbl |
| TC         | 0,7293 €/\$     |

Valores de Data Brent e TC aplicables ao cuarto trimestre de 2014.

|            |                |
|------------|----------------|
| Data Brent | 105,7400\$/bbl |
| TC         | 0,7544 €/\$    |

Valores de Data Brent e TC aplicables ao terceiro trimestre de 2014.

#### a. Fórmula establecida:

$$\text{Puntuación } i = 90 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta más baixa}}$$

#### b. Datos para cada unha das empresas:

##### - Gas Natural Comercializadora, s.a:

Proxección oferta Gas natural Comercializadora:

Oferta i: 1058115 kWh x 0,042402= 44.866,19

$$\text{Puntuación } i = 90 \times \frac{56.870,00 - 44.866,19}{56.870,00 - 44.866,19} = 90$$

##### - ENDESA ENERGÍA SAU:

Proxección oferta Gas natural Comercializadora:

Oferta i: 1058115 kWh x 0,045575= 48.223,59

$$\text{Puntuación } i = 90 \times \frac{56.870,00 - 48.223,59}{56.870,00 - 44.866,19} = 64,83$$